

## **NON DEAS A ESQUECEMENTO...**

No ano 2006 foi premiado pola Fundación Antonio Fraguas Fraguas (dependente do Museo do Pobo Galego) un proxecto de investigación e divulgación presentado polos profesores Chus Diéguez, Humberto Martínez e Cristina Ogando, do IES de Ponte Caldelas. O proxecto consistía na catalogación e análise do patrimonio etnográfico dos tres concellos que constitúen a zona educativa do IES: Ponte Caldelas, A Lama e Fornelos de Montes. A carón dos obxectivos didácticos dun proxecto coma este (introdución ás técnicas de investigación, coñecemento da contorna...) estaban outros máis amplos e ambiciosos: conseguir a sensibilización non só do alumnado senón de toda a comunidade (profesorado, familias, institucións...) sobre a importancia do patrimonio cultural e natural e especialmente da necesidade da súa conservación fronte ao abandono, o uso espurio ou a total desaparición. Un dos motores do proxecto foi a extensión do programa de aproveitamento hidroeléctrico Galicia-Costa, que prevía a construción dun importante número de minicentrales (algunas delas xa executadas ou en execución), con efectos devastadores sobre os ecosistemas fluviais e o patrimonio etnográfico vencellado aos ríos. O exemplo máis próximo era a construción dunha minicentral sobre o río Xesta nas proximidades de Liñares (A Lama) que xa provocara a desaparición dunha ferverza, pero existía tamén o proxecto de realizar outras nove só na zona educativa do IES, concretamente sobre os ríos Parada, Oitavén e Verdugo.

O eixe do proxecto didáctico era a implicación directa do alumnado na catalogación e análise do patrimonio máis próximo a eles (tipoloxías, estado de conservación, patrimonio inmaterial vencellado...), procurando ademais a colaboración das súas familias ou veciños, co que pretendiamos tamén acadar un achegamento e un diálogo interxeracional que constituía un dos obxectivos centrais do traballo.

Unha última fase do proxecto consistía na divulgación dos resultados e as conclusións acadadas; isto realizouse mediante o deseño dunha exposición (plantexada desde o inicio cun carácter itinerante) que presentase una mostra da riqueza patrimonial da zona, as ameazas ás que se enfrenta e as propostas de acción fronte a elas. Asemade, organizouse una mesa redonda coa participación de expertos en historia, etnografía, natureza e economía, membros de diversas asociacións e mesmo algún representante político, que realizaron una análise da situación e das posibilidades de desenvolvemento sostible da zona.

Os resultados non poden ser cualificados doutro xeito senón de totalmente satisfactorios. Superando dificultades organizativas, administrativas ou mesmo climatolóxicas, o alumnado comprendeu a importancia do seu patrimonio e a necesidade de protexelo; a comunidade abriu pontes de comunicación e colaboración na consecución de obxectivos comúns; e o profesorado implicado disfrutou da satisfacción de educar no sentido máis amplo, fermoso e sen dúbida complicado da palabra.

Só queda desexar a proliferación de proxectos que, como este, amplían as perspectivas dos que neles participan, e aportan aire fresco sobre as rutinas cotiás.